

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO-TIPO ENTRE O MINISTERIO DE IGUALDADE (DIRECCIÓN XERAL DE DIVERSIDADE SEXUAL E DEREITOS LGTBI) E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO TELEFÓNICO DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL EN MATERIA DE LGTBIFOBIA.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre homes e mulleres, así como a eliminación da violencia de xénero.

O artigo 1 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais garante *"o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais"* e *"establece principios e medidas destinados á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero"*, tanto no sector público como no privado. Así mesmo, nesta lei recoñécese o dereito das persoas LGTBI á información sobre os distintos recursos de atención (artigos 6, 8, 12 e 17).

Pola súa banda, o Consello de Ministros , a través da aprobación da declaración institucional con motivo do 17 de maio, Día Internacional contra a homofobia, a transfobia, e a bifobia, comprometeuse á creación dun servizo de atención gratuíta especificamente destinado a atender ás vítimas de delitos de odio ou de discriminación por LGTBifobia, así como para informar e atender calquera



necesidade das persoas LGTBI ou achegadas.

Ao Ministerio de Igualdade, de acordo coas competencias que ten atribuídas, correspóndelle a prestación do Servizo 028 Arco da vella ("*Servicio 028 Arcoiris*") de información e atención integral en materia de LGTBIfobia, a través do número de marcación abreviada 028. O Servizo 028 Arco da vella ("*Servicio 028 Arcoiris*") é de ámbito estatal, estrutura centralizada, gratuíto, confidencial e ofrece atención ininterrompida as 24 horas do día, os 365 días do ano.

Á vista de todo o anterior, a Xunta de Galicia considera esencial, para a loita contra a LGTBIfobia, prestar o servizo telefónico de información e atención integral en materia de LGTBIfobia, en colaboración co Ministerio de Igualdade para a derivación de chamadas telefónicas de información e atención integral na materia.

Pola súa banda, o Ministerio de Igualdade, comprométese a derivar de xeito automático aquelas chamadas realizadas ao Servizo 028 Arco da vella ("*Servicio 028 Arcoiris*") relativas a información e atención integral en materia de LGTBIfobia, desde o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, ao servizo telefónico desta, co fin de asegurar a prestación do servizo público de información e atención integral en materia de LGTBIfobia, poñendo en coñecemento da persoa usuaria o número ao que se deriva a chamada e o órgano administrativo que xestiona ese número.

Con tal fin preténdese asinar un convenio-tipo de colaboración para a prestación do Servizo telefónico de información e atención integral en materia de LGTBIfobia.



No ano 2012 asinouse un Convenio, de características similares, entre o Ministerio de Sanidade e a Comunidade Autónoma de Galicia, pero neste caso para a prestación do servizo telefónico de información e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero (016).

En virtude do convenio-tipo actual, acórdanse as actividades que desenvolverá cada unha das partes. Así o Ministerio de Igualdade:

1. Derivará de xeito automático as chamadas realizadas ao *Servizo 028 Arco da vella* ("*Servicio 028 Arcoiris*") relativas a información e atención integral en materia de LGTBIfobia, procedentes do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Atenderá as chamadas do *Servizo 028 Arco da vella* ("*Servicio 028 Arcoiris*") que precisen atención de urxencia e emerxencia derivándose inmediatamente ao teléfono de emerxencias 112 da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Incluirá nas estatísticas anuais do *Servizo 028 Arco da vella* ("*Servicio 028 Arcoiris*"), información desagregada das chamadas atendidas no servizo telefónico 028 procedentes do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Destacará nas actividades que realice para a difusión do obxecto do convenio e dos compromisos previstos, a colaboración existente entre o Ministerio de Igualdade e a Xunta de Galicia.

Son obrigas da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade:

1. Atender o *Servizo 028 Arco da vella* ("*Servicio 028 Arcoiris*") dentro do



- ámbito das características técnicas acordadas co Ministerio de Igualdade, procedentes do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Derivará desde o servizo telefónico telefónico correspondente ao Servizo 028 Arco da vella ("*Servicio 028 Arcoiris*") calquera chamada relativa a discriminación e violencia LGTBIfóbica cando sexa necesario garantir a correcta atención da chamada, en función dos termos e condicións técnicas do procedemento de derivación de chamadas entre ambos os dous servizos telefónicos, acordados na Comisión de Seguimento prevista no Convenio.
 3. Difusión da prestación deste Servizo 028 Arco da vella ("*Servicio 028 Arcoiris*") nas actuacións de sensibilización, comunicación e información que se realicen.

A realización deste convenio-tipo non supón nin leva aparelladas transferencias financeiras entre o Ministerio de Igualdade e a Xunta de Galicia. Cada parte asumirá, cos seus propios medios materiais e persoais, o custo das actividades a realizar en cumprimento do "Convenio-Tipo entre o Ministerio de Igualdade (Dirección Xeral de Diversidade Sexual e Dereitos LGTBI) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación do servizo telefónico de informe e de atención integral en materia de LGTBIfobia".

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral da Igualdade

Sandra Vázquez Domínguez

